

*Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2020*

## COMUNICADO DA FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

### ANTE DECISIÓN DA XUNTA DE GALICIA DE ATRASAR A REAPERTURA DOS CENTROS DE DÍA E OCUPACIONAIS ATA O 1 DE SETEMBRO DE 2020.

- A Federación Autismo Galicia e as súas entidades coñecen o pasado venres 29 de maio en rolda de prensa, a decisión da Xunta de Galicia de que os centros de día e ocupacionais de atención a persoas con discapacidade de Galicia non poderán retomar a súa actividade ata o próximo 1 de setembro do 2020.

Tras a análise da repercusión na saúde, benestar e necesidades das persoas con TEA e as súas familias que esta situación pode provocar, Autismo Galicia e as súas entidades trasladan as seguintes consideracións:

- As distintas entidades da Federación Autismo Galicia levan desde o Decreto do ESTADO DE ALARMA da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, sen prestar atención directa nos seus centros de día e ocupacionais. Durante este tempo os distintos equipos de profesionais traballamos en recursos que tentan paliar os efectos dunha falta de atención, algo que se agrava pola durabilidade da crise e a imposibilidade de reapertura dos centros.
- Neste tempo e tras coñecer o PLAN DE REACTIVACIÓN NON ÁMBITO SOCIOSANITARIO EN RELACIÓN COA INFECCIÓN POLO VIRUS SARS-CoV-2 facilitado pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria o 12 de maio de 2020, as nosas entidades seguindo as normas e protocolos estaban xa a traballar na planificación dun calendario protocolizado para a reapertura conforme ás normas e liñas de actuación suxeridas, asegurando a aplicación das medidas para un correcto cumprimento delas.
- As características das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo atendidas nos centros de atención diurna precisan de apoios especializados para o desenvolvemento das actividades da vida diaria e para a mellora das súas habilidades para a autonomía persoal polo que a perda da atención e intervención terapéutica, supón un atraso grave das súas capacidades e aprendizaxe que nalgúns casos pode resultar moi prexudicial dando lugar a posibles agravantes e retrocesos no seu desenvolvemento persoal.

- Esta situación supón tamén un prexuízo grave para as familias que durante estes meses asumiron a sobrecarga de coidados, sen os recursos de atención, necesarios para os seus fillos/familiares pasando factura tanto no ámbito emocional, laboral e físico.
- Temos que incidir e ter en conta a importancia da especialización dos nosos profesionais como persoas de referencia para o tratamento do TEA e a necesidade da intervención en contextos fora do domicilio e o respiro das familias, xa que as necesidades específicas do colectivo obrigan a definir obxectivos e necesidades de apoios especializados e permanentes que se axusten aos cambios, necesidades e progresos da persoa con TEA.

Expostos os motivos:

MANIFESTAMOS:

Que debido á situación das persoas con TEA e as súas familias, así como a precisa especialización dos profesionais que atenden ao noso colectivo, faise insostible a perda de servizos terapéuticos ata o mes de setembro tendo en conta de que a este período súmase ao que xa levan asumindo desde o 13 de marzo.

SOLICITAMOS:

Que ante a situación descrita e para dar resposta ás múltiples necesidades do colectivo das persoas con TEA, se articulen criterios e posibles alternativas para que as entidades de FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA poidan dar continuidade a atención e intervención terapéutica das persoas con TEA con necesidades urxentes que se ven afectadas polo peche dos centros de atención diurna.

M<sup>a</sup> José Álvarez Folgar

Presidenta da Federación Autismo Galicia

